



A vertixinosa (trans)formación do profesorado

Xabier San Isidro
Asesor de Linguas Estranxeiras
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
xsanisidro@edu.xunta.es

Vertixe é a sensación que provoca o gran cambio xeral pola introdución e o desenvolvemento do plurilingüismo e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) na sociedade do século XXI. Un cambio no que as capacidades lingüísticas e esas mesmas tecnoloxías, así como as habilidades de lidar con elas, converteronse en demanda dentro do mercado laboral. Un cambio que, inevitablemente, xa está presente na escola, na educación. Un cambio que cuestiona o rol tradicional dos docentes e que senta as bases fundamentais do que son os novos perfís do profesorado.



Palabras clave: AICLE, plurilingüismo, TIC, formación, aprendizaxe.

O fomento da competencia plurilingüe e a alfabetización tecnolóxica son consideradas, non só como unha necesidade emerxente, senón como os piares esenciais nos que se debe desenvolver a (transformación) do profesorado. É necesario, polo tanto, un profesional, que sexa quen de reinventarse, de ofrecelle o máximo de recursos ao seu alumnado e integrar e relacionar as distintas linguas presentes no currículo. Ademais diso, terá que adaptarse á rapidez coa que avanza o coñecemento, que hoxe se produce a unha velocidade sen precedentes.

Esta realidade implica un novo modelo de formación. O novo perfil profesional do docente debe estar baseado na investigación sobre a práctica. Antes, a principal función do profesorado era transferirle coñecementos ao alumnado. Hoxe, a praxa docente, reflexiva e en constante revisión, sitúase no epicentro do que debe ocorrer nas aulas. Tampouco os rapaces de hoxe son os mesmos de décadas atrás. Coa democratización da internet, aprenden a interactuar dende ben cedo coas devanditas tecnoloxías e están en contacto permanente coas linguas diversas, a un tempo que poden percibir e analizar contidos variados dende perspectivas diferentes. É dicir, estamos ante unha nova maneira de aprender. Non podemos esquecer que o alumnado en permanente "conexión" ten unha relación diferente co tempo e co mundo, e esa é (ou debe ser) a pedra angular na que ten que asentarse a formación do profesorado.

Atopámonos, polo tanto, fronte a un escenario diferente, que aglutina nun mesmo contexto factores diversos, como o multilingüismo ou as TIC, coas modalidades de materiais e recursos didácticos que chegan-blogs, wikis, sindicación de contidos (RSS) ou as web de datos a través de estándares (LOM, SCORM, XML, RDF...), a creación de redes de colaboración, novas terminoloxías provenientes dos media e a necesidade de realizar prácticas interesantes nas aulas. Tampouco se pode obviar o perfil dos escolares, considerados "nativos dixitais", que están ávidos de clases concordantes coa súa realidade e coa dinámica das TIC contemporáneas.

Esta situación pode ser percibida como frustrante, pero non hai dúbida de que constitúe un verdadeiro reto para o profesorado, sempre necesitado de manterse actualizado e capaz de actuar con competencia e eficacia. Este desafío alcanza as institucións que forman os docentes, pois vense na obriga de adecuar os seus currículos, programas e prácticas, co fin de atender o escenario educativo emerxente, indo cara ao encontro do alumnado do século XXI e da realidade que o rodea. Sen dúbida, o reto máis importante da educación contemporánea é a (transformación) do profesorado. É esa (transformación) está a ter lugar, como xa dixemos, en dous eidos básicos e vertebradores: o desenvolvemento do plurilingüismo e a aprendizaxe dixital.

Canto ao primeiro eido, as linguas, a Unión Europea pretende superar a barreira que existe entre os diferentes Estados membros. Neste momento son vinte e sete, con vinte e tres linguas oficiais, ademais das rexionais ou minoritarias, e tres alfabetos distintos. Esta situación, caracterizada polo multilingüismo, xustifica o interese por potenciar a aprendizaxe de idiomas e a diversidade lingüística, un interese que culminou na consideración desta cuestión como punto clave na agenda da Unión Europea, e o Consello de Europa adoptou unha serie de medidas educativas que desenvolveron un proceso de converxencia, canto ao seu ensino e aprendizaxe: a declaración, en 2001, do Ano Europeo das Linguas; a publicación no mesmo ano do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas; a elaboración da Portfolio Europeo das Linguas (PEL); a creación da rede ENLU, European Network for the Promotion of Language Learning Among all Undergraduates etc.

Aínda que é certo que a Unión Europea trata de manter o equilibrio entre dúas necesidades fundamentais, a intercomprensión e o obxectivo de que ningún grupo lingüístico se encontre nunha situación de desvantaxe, a crúa realidade é o estatus de recesión das linguas minoritarias. De aí que as políticas educativas relacionadas co tema teñan unha dobre dirección: o fomento do plurilingüismo escolar a través da aprendizaxe de linguas estranxeiras e a protección das linguas rexionais, minoritarias e minorizadas.

Os novos desafíos na Europa do coñecemento trouxeron consigo unha toma de conciencia, por parte de todas as administracións educativas, en prol da elaboración de políticas lingüísticas que se articulen arredor dunha concepción ecolóxica e abran a posibilidade de introducir outras linguas a través do currículo, en liña coas directrices do Consello de Europa. A incorporación da lingua estranxeira, como vehiculadora de contidos curriculares non lingüísticos, tivo moito que ver na nova concepción e nas novas vías que se abriron para o ámbito educativo. O termo CLIL (Content and Language Integrated Learning) ou AICLE (Aprendizaxe Integrada de Contidos e Linguas Estranxeiras), que xurdiu en Europa no ano 1994, revolucionou as políticas educativas nesta materia. A tendencia cara á globalización e, como non, cara á europeización, están facendo de AICLE un modelo cada vez máis presente nos sistemas educativos de toda Europa, e a súa presenza en España (isto si, a través de modelos distintos, como as seccións bilingües, seccións europeas, centros de convenio co British Council) multiplicouse en todas as comunidades autónomas.

AICLE está no centro do gran cambio educativo cara á xestión plurilingüe nos centros educativos, e está afectando, non só aos xeitos de ensinar e aprender, senón tamén á formación do profesorado. A súa presenza en Galicia está regulada por dous programas distintos e, ambos os dous, con carácter experimental: o Plan de seccións bilingües (Orde do 18 de abril de 2007) e o Programa de centros plurilingües (Orde do 30 de xuño de 2010).

No primeiro caso, trátase dun programa voluntario, no que respecta á participación do alumnado, mentres que o profesorado de calquera materia non lingüística, con competencia nunha lingua estranxeira pode impartir parte dela a través desa lingua, en calquera curso de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional. Polo que respecta aos centros plurilingües, o curso 2010-2011 constitúe o primeiro ano de implantación e os niveis de inicio son o primeiro curso de educación primaria e o primeiro curso de educación secundaria obrigatoria. Todo o alumnado deses cursos participa obrigatoriamente e pode recibir ata un terzo das matenas non lingüísticas nunha lingua estranxeira, ao abeiro do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo da ensinanza non universitaria de Galicia.

AICLE está cada vez máis presente nos sistemas educativos de toda Europa e isto é debido, sen dúbida, á súa estreita relación co novo tempo que estamos a vivir. O dito enfoque "abre as portas do currículo ás linguas, traballando as diferentes competencias básicas ao integrar distintas aprendizaxes. É este traballo por competencias, resultado da colaboración e do traballo conxunto entre profesorado de distintas áreas (aprendizaxes globalizadas e integradoras), non pode entenderse sen ter en conta os novos escenarios de aprendizaxe que nos proporciona a era dixital en que vivimos: a web, a dixitalización e a converxencia doutras redes de comunicación. Os novos recursos tecnolóxicos, que están provocando un grande impacto na educación, principalmente no ámbito das linguas, son as redes sociais de segunda e terceira xeración, popularmente coñecidas como web 2.0 e web 3.0, tamén denominadas web social e web semántica. Estas ferramentas e plataformas sociais abren espazos e oportunidades de actuar e producir que non existen na aula tradicional e desafían, o profesorado a reconsiderar a súa práctica. A estreita relación existente entre AICLE e as TIC ten que ver coa importancia de desenvolver unha pedagogía por competencias. Nos novos espazos educativos, espazos en que a consideración das linguas debe ter un carácter incluíso, o alumnado participará, contribuirá e aprenderá segundo as súas necesidades e posibilidades". (San Isidro, 2009).

No que respecta ao segundo eido, o contorno dixital, a introdución das TIC na educación, baixo o nome de e-learning, influíu de forma significativa no ensino de idiomas co desenvolvemento de aplicacións multimedia como chats multilingües, cursos virtuais, dicionarios, foros de discusión, gramáticas virtuais, tradutores automáticos... Así mesmo, a introdución do móbil está xerando novos xeitos de aprender. É o que se denomina *m-learning*. Entre as ferramentas tecnolóxicas etiquetadas como 2.0 e 3.0, destacan polo seu valor pedagóxico os devanditos blogs, as wikis, a sindicación de contidos ou as web de datos a través de estándares. Estes elementos facilitan a creación colectiva de coñecemento e fomentan a participación de membros de todo o mundo en proxectos comúns. É importante ter en conta isto á hora de analizar a influencia das TIC sobre os idiomas e as culturas e, sobre todo, cando se planifica unha política lingüística e os seus procedementos de avaliación: publicación electrónica dun plan, espazos web, plataformas moodle, telefonación, redes etc.

Este novo escenario educativo está a provocar un verdadeiro impacto no que respecta ao desenvolvemento de novas vías de formación para o profesorado. A era dixital na que vivimos, así como o modelo AICLE, a xestión plurilingüe da educación e, en xeral, o fomento do ensino e aprendizaxe das linguas están cambiando os parámetros tradicionais da formación, tanto na fase inicial como na permanente. A razón é obvia: a irrupción de modelos de ensino e aprendizaxe plurilingüe nos centros educativos deu lugar a novos perfís docentes (profesorado de áreas ou materias non lingüísticas con competencia en linguas estranxeiras) con novas necesidades formativas. No referente á formación inicial, o novo máster, necesario para o acceso á carreira docente, ten en conta o nivel de competencia en comunicación lingüística nunha lingua estranxeira e abre así a posibilidade de xerar futuros profesores e profesoras capacitados para impartir as súas materias nesa lingua.



Canto á formación permanente do profesorado, a transformación está ocorrendo en dous ámbitos principalmente:

Desenvolvemento da competencia plurilingüe

Malia que segue existindo o patrón formativo tradicional (aínda que necesario) centrado no desenvolvemento de competencia comunicativa en linguas estranxeiras, a formación comeza a camifrar noutra dirección, e deixa de lado a perspectiva monolingüe para pasar a un tratamento integrado das linguas tanto ambientais coma adicionais. Se lles botamos unha ollada aos plans da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos últimos anos, podemos facilmente constatar unha presenza cada vez maior de actividades relacionadas con AICLE, co enfoque plurilingüe, co currículo integrado e coa interculturalidade. Isto demostra que o camiño cara á converxencia de metodoloxías non ensinos e aprendizaxe das linguas se está convertendo nunha realidade. Neste ámbito atopámonos as seguintes accións:

- Cursos DECEL: as escolas oficiais de idiomas, ademais da formación en linguas estranxeiras para toda a sociedade, ofrecen cursos de desenvolvemento da competencia comunicativa e lingüística para profesorado, en consonancia coas novas necesidades dos devanditos novos perfís docentes.
- O programa para a formación complementaria en linguas estranxeiras, CUALE, dirixido ao alumnado e ao profesorado.
- Xornadas anuais de formación AICLE para o profesorado que está a participar nos programas de seccións bilingües e centros plurilingües. As Xornadas Plurilingüismo CLIL 3.0 teñen lugar en decembro deste curso escolar (<http://www.edu.xunta.es/linguasestranxeiras>).
- Dimensión social: é obvio que o que vertebra unha política lingüística é o sistema educativo, pero no seu deseño deben ter cabida outras posibilidades, como a dimensión social e familiar da aprendizaxe. Cando unha Administración ten como obxectivo acadar o plurilingüismo dos seus cidadáns, deben desenvolverse accións que teñan outros grupos diana, dentro do concepto de educación ao longo da vida. Nesta liña de actuación, en Galicia, ademais dos programas anuais de inmersión lingüística para o alumnado, existe unha nova modalidade de formación/motivación a través de subvencións aos concellos (Orde do 17 de marzo de 2010 de apertura de centros públicos en horario non lectivo) para estender a aprendizaxe de linguas a toda a comunidade educativa (alumnado, pais, nais, titores legais etc.) e fomentar a sensibilización cara a elas no ámbito familiar, en diferentes modalidades, baseadas no desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, no traballo por competencias, en metodoloxías AICLE e en actividades que fomentan a inmersión intercultural: inglés para todos e galego e castelán para comunidades inmigrantes.

Programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PALE)

Por outra banda, dado o número cada vez maior de profesorado AICLE, é necesario poñer ao día o formación en servizo para atender as necesidades dos actuados contextes de aprendizaxe e dos novos perfís de profesorado. Os novos modelos inclúen a mellora da competencia en comunicación lingüística, metodoloxía integradora das aprendizaxes, interculturalidade, inmersión no estranxeiro, integración escolar en centros doutros países, formación TIC... (<http://www.edu.xunta.es/pale>). No marco do Plan de potenciación de idiomas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o programa PALE, dirixido, tanto ao profesorado AICLE como ao profesorado de linguas, ofrece distintas modalidades formativas baseadas nos aspectos metodolóxicos e lingüísticos e orientadas todas elas á produción de materiais para a sociedade da información e á creación de redes.

A modo de conclusión e dende o papel central da aprendizaxe de linguas na era dixital na que vivimos, o perfil do novo profesorado do século XXI estase a transformar vertixinosamente en algo moito máis complexo, que debe entenderse dentro dos seguintes parámetros:

- **Perspectiva:** o profesorado necesitará pensar local e globalmente, no que respecta ás linguas e aos temas presentes na aula.
- **Deseño:** o traballo por competencias e a colaboración entre o profesorado de linguas e o de contidos non lingüísticos fai que todos eles deban implicarse dun modo máis profundo no deseño curricular.
- **Interculturalidade:** precisarán darlle cabida outras posibilidades, como a dimensión social e familiar da aprendizaxe.
- **Transdisciplinariedade:** os docentes deberán ser menos "territoriais" e "puristas" sobre a súa materia e adaptarse ás novas demandas, no que respecta ao lugar das linguas no currículo (primeiras linguas, segundas linguas, terceiras linguas ou linguas adicionais).
- **Diversidade:** terán que saber como responder máis profundamente ás necesidades lingüísticas e de aprendizaxe, e como atender as intelixencias múltiples na aula.
- **Sociedade:** necesitarán coñecer como os cambios externos lle afectan ao alumnado e ás súas comunidades.
- **Plurilingüismo:** deberán desenvolver a súa competencia en comunicación lingüística en varias linguas.
- **Alfabetización dixital:** será necesario desenvolver e actualizar a súa competencia dixital, co fin de utilizar os recursos da web 2.0 (a web social) e 3.0 (a web semántica), unha web na que as máquinas comparten e responden a linguas á humana.
- **Redes:** deberán ser quen de compartir recursos e de crear redes de colaboración.

Bibliografía

- DOMÍNGUEZ, A. (2009) "As redes sociais como modelo integrador das linguas" (pp. 53-72), en San Isidro, X. (Ed.) *CLIL: Integrando linguas a través do currículo*. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.
- ENLU, European Network for the Promotion of Language Learning among all Undergraduates (2005) *Promoting Language Learning Among Undergraduates of All Disciplines: Consultation*. [Documento de internet dispoñible en <http://www.cellel.org/enlu-consultation>. Último acceso 27-10-2010].
- LASAGABASTER, D. e RUIZ DE ZAROBÉ, Y. (2010) *CLIL in Spain: Implementation, Results and Teacher Training*. Newcastle upon Tyne. Cambridge Scholars Publishing.
- SAN ISIDRO, X. (2009) CLIL, un novo horizonte en la formación del profesorado. LACLIL, North America, 213 04 2009. [Documento de Internet dispoñible en <http://biblioteca.unisabana.edu.co/publicaciones/index.php/doc/index>. Último acceso 27-10-2010].
- SAN ISIDRO, X. (2009) "As seccións bilingües: integrando linguas "a través" do currículo" (pp. 31-51), en San Isidro, X. (Ed.) *CLIL: Integrando linguas a través do currículo*. Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia.
- SAN ISIDRO, X. (en prensa) "AICLE: Nuevos retos en la planificación de una política lingüística". En I Congreso Nacional sobre temas de profesorado. Madrid, Ministerio de Educación.
- TSUDA, Y. (2008) "The Hegemony of English and Strategies for Linguistic Pluralism: Proposing the Ecology of Language Paradigm" (167-177). En Mofit, Kete Asante, Yoshitaka Mike & Jing Yin (Eds.) *The Global Intercultural Communication Reader*. York, From, Routledge.
- WRIGHT, S. (2004) *Language Policy and Language Planning: From Nationalism to Globalism*. Nova York, Palgrave MacMillan.

Lexislación

- Xunta de Galicia (2007) Orde do 18 de abril de 2007 pola que se crea e regula a convocatoria do Plan de seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. *Diario Oficial de Galicia* [Documento de internet dispoñible en: <http://www.xunta.es/Doc/Dog2007.nsf/FichaContenido/1125A?OpenDocument>. Último acceso 27-10-2010].
- Xunta de Galicia (2010) Orde do 17 de marzo de 2010 de apertura de centros plurilingües en horario non lectivo. *Diario Oficial de Galicia* [Documento de internet dispoñible en: <http://www.xunta.es/Doc/Dog2010.nsf/FichaContenido/CDC?OpenDocument>. Último acceso 27-10-2010].
- Xunta de Galicia (2010) Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. *Diario Oficial de Galicia* [Documento de internet dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/web/node/939>. Último acceso 27-10-2010].
- Xunta de Galicia (2010) Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se regulan, con carácter experimental, os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2010/2011. [Documento de internet dispoñible en: <http://www.xunta.es/Dog/Dog2010.nsf/FichaContenido/253722?OpenDocument>. Último acceso 27-10-2010].

Imprimir páxina

outros artigos

Resolve a profesionalidade o Máster de Secundaria?
Antonio Bolívar Universidade de Granada abolivar@ugr.es

Formación inicial do profesorado
Coñecementos e competencias

A formación permanente a través de redes de profesorado
Francisco Imbernon Universidade de Barcelona fimbemon@ub.edu

A vertixinosa (trans)formación do profesorado
Xabier San Isidro Asesor de Linguas Estranxeiras Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

relacionados

Antonio Bolívar:

- Competencia para el aprendizaje
- La autonomía de los centros educativos en España
- Familia y escuela: dos mundos llamados a trabajar en común

Francisco Imbernon:

- Los retos de la Universidad del futuro
- Maestro de todo, sabio de nada. La función docente

Xabier San Isidro:

- Cara a unha competencia plurilingüe (artigo de Foro, en *Eduga* 53)
- Cidadanía galega plurilingüe na Europa de 'dúas máis unha' (artigo de Foro, en *Eduga* 53)
- CLIL, aprender idiomas con sentido e de xeito natural (entrevista a David Marsh, en *Eduga* 53)
- Cambia a metáfora da escola (entrevista a Juana María Sancho Gil, en *Eduga* 50)

Mercedes González Samamed:

- O EEES: perspectiva do alumnado das universidades galegas
- Fuertes Abeledo

Las prácticas escolares como una ocasión para aprender a enseñar

PROXECTO ABALAR

viñeta
Francesco Tonucci

NOVOS PROGRAMAS ESCOLARES